

**INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE ORDENACIÓN
ACADÉMICA E PROFESORADO 1/2019, DO 2 DE
ABRIL DE 2019, SOBRE A INCORPORACIÓN NO POD
DO CURSO 2019/20 DO PERSOAL CONTRATADO EN
PROGRAMAS DE INVESTIGACIÓN NA
UNIVERSIDADE DE VIGO****1. Obxecto e ámbito**

A recente entrada en vigor do Real Decreto 103/2019, de 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do Persoal Investigador Predoutoral en Formación, que desenvolve a disposición adicional segunda da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, introduce cambios relevantes no referente á colaboración deste persoal nas tarefas docentes. Por outra parte, recentes convocatorias, como a das axudas Beatriz Galindo do ano 2018 do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, aclaran o carácter docente e/ou investigador da modalidade de contratación como Investigador/a Distinguido/a.

Estes cambios fan que sexa necesario avanzar na configuración das posibilidades de colaboración nas tarefas docentes do persoal contratado baixo as modalidades contempladas na citada Lei 14/2011, polo que se ditan as presentes instrucións.

2. Participación nas tarefas docentes dos/as Investigadores/as Distinguidos/as

O persoal contratado na modalidade de Investigador Distinguido terá que cumprir coas obrigas docentes indicadas no seu contrato laboral, ou ben na convocatoria correspondente.

Non obstante, poderá solicitar ao seu departamento, na fase de elaboración do POD ou ben dentro dos 15 días hábiles seguintes á incorporación á Universidade de Vigo, o aumento da súa participación nas tarefas docentes ata un total de 240 horas anuais.

3. Participación nas tarefas docente do Persoal Investigador Posdoutoral

O persoal contratado na modalidade de acceso ao Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación (investigadores/as posdoctorais) poderá solicitar ao seu departamento, na fase de elaboración do POD ou ben dentro dos 15 días hábiles seguintes á incorporación á Universidade de Vigo, a súa participación nas tarefas docentes ata un máximo de 80 horas anuais.

4. Participación nas tarefas docentes do Persoal Investigador Predoutoral

O persoal contratado na modalidade de Investigador Predoutoral en formación poderá solicitar ao seu departamento, na fase de elaboración do POD ou ben dentro dos 15 días hábiles seguintes á incorporación á Universidade de Vigo, a súa participación nas tarefas docentes ata un máximo de 60 horas anuais.

O persoal contratado nesta modalidade con posterioridade á entrada en vigor do Real Decreto 103/2019, de 1 de marzo, só poderá participar en tarefas docentes complementando a docencia dun profesor/a, participando de forma simultánea con este na docencia presencial. Dita colaboración poderá ser dun máximo de 180 horas durante a extensión total do contrato predoutoral, e sen que en ningún caso poda superar as 60 horas anuais.



O persoal contratado nesta modalidade con anterioridade á entrada en vigor do Real Decreto 103/2019, de 1 de marzo, poderá seguir participando nas tarefas docentes do seu departamento nas mesmas condicións nas que o viña facendo no curso 2018/19, coa finalidade de cumprir co indicado na disposición final cuarta do citado real decreto.

5. Modalidade de participación nas tarefas docentes

O persoal contratado como persoal investigador en calquera das modalidades contempladas na Lei 14/2011 (Investigador/a Distinguido/a, Persoal Investigador Posdoutoral e Persoal Investigador Predoutoral) só poderá participar en tarefas docentes da Universidade de Vigo mediante a súa inclusión no POD do departamento correspondente. Baixo ningunha circunstancia dito persoal poderá utilizar calquera outra modalidade de participación en tarefas docentes da Universidade de Vigo.

